

[MVAG/RMBV]

Na sala de comisións “Concepción Arenal” do Pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**, o día **7 de maio de 2024**, ás **10:32 horas**, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

**Mesa:**

Dona María Elena Candia López  
(Presidenta)

Dona Montserrat Valcárcel Armesto  
(Secretaria)

**Vogais:**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):**

Dona María Encarnación Amigo Díaz  
Dona Raquel Arias Rodríguez  
Dona Cristina Campero Dorado  
Don Juan Manuel Casares Gándara  
Dona Nicole Grueira Fernández  
Don Rubén Lorenzo Gómez  
Don José Manuel Mato Díaz  
Dona Noelia Pérez López

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):**

Don Xosé Luís Bará Torres  
Don Secundino Fernández Fernández  
Dona Ariadna Fernández González  
Dona Sonia Vidal Lamas

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):**

Dona Lara Méndez López  
Dona María del Carmen Rodríguez Dacosta

**Grupo Parlamentario Mixto (M):**

Don Armando Ojea Bouzo

**Comparecentes:**

Director xeral de defensa do monte

Director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria

**Letrado/Letrada:**

Dona María Aneiros González

A Sra. presidenta abre a sesión e rógalle á Sra. secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

A Presidencia dá conta da entrada no Rexistro do documento número 3066, en que a Xunta de Galicia solicita o aprazamento da pregunta núm. 998, aprazamento que se acepta por asentimento.

**Punto 1. Elección da Vicepresidencia da Comisión (artigos 41 e 36 do Regulamento da Cámara)**

1.1 (12/CEEM-000016)

A Sra. presidenta lembra o procedemento a seguir para a votación, que será secreta mediante papeletas nas que se debe escribir un só nome; que o chamamento se efectuará por orde alfabética e resultará elixido ou elixida quen obteña maior número de votos.

Por conseguinte, ao estar distribuídas as papeletas correspondentes polos Servizos da Cámara, solicita da Sra. secretaria da Comisión que inicie o chamamento por orde alfabética de apelidos. Unha vez rematada a votación o resultado do escrutinio é o que se reflicte a seguir:

**Vicepresidente:**

José Manuel Mato Díaz (P).....	9 votos
En branco .....	8 votos
Total de votos emitidos.....	17 votos

Resulta elixido **vicepresidente** da Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, **José Manuel Mato Díaz, do G.P. Popular de Galicia**, que pasa a ocupar o seu posto na Mesa da Comisión.

A continuación pásase á tramitación do punto segundo:

**Punto 2. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, conforme ao establecido na Resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986**

A Sra. presidenta pregunta aos membros da Comisión se están de acordo en aprobar a delegación na Mesa da Comisión das facultades atribuídas á Comisión no seu conxunto polos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento, nos termos establecidos no apartado 1 do acordo interpretativo aprobado pola Resolución da Mesa do 11 de abril de 1986.

Non se manifesta ningún desacordo, e a devandita delegación enténdese aprobada por asentimento (artigo 88 do Regulamento da Cámara).

A seguir, éntrase no desenvolvemento do punto terceiro da orde do día e pásase ao debate da primeira iniciativa:

**Punto 3. Preguntas**

- 3.1 **998 (12/POC-000143)**  
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**  
**Vidal Lamas, Sonia e Fernández González, Ariadna**  
**Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe ao uso de probas máis precisas nas campañas de saneamento gandeiro e o desenvolvemento dun plan para controlar o tránsito de animais procedentes de fóra de Galicia.**  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 13f2, do 18.04.2024*

A Presidencia dá conta da entrada no Rexistro do documento número 3066, no que a Xunta de Galicia solicita o aprazamento desta pregunta, aprazamento que se acepta por asentimento, xa que logo, queda aprazada.

- 3.2 **1668 (12/POC-000270)**  
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**  
**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**  
**Sobre o estado en que está a tramitación do proxecto do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia para este ano, o proceso de participación do Consello Forestal de Galicia e o cumprimento da normativa autonómica e estatal nesta materia**  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 17f2, do 25.04.2024*

A presidenta dá a benvida ao director xeral de Defensa do Monte que será o encargado de responder á pregunta oral en comisión.

A Presidencia concédelle a palabra a Sra. Rodríguez Dacosta (S), que procede á formulación concreta das cuestións que figuran na iniciativa.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o Sr. director xeral de Defensa do Monte, da Consellería do Medio Rural, Manuel Rodríguez Vázquez.

En rolda de réplica a Sra. Rodríguez Dacosta (S), comenta e incide en diversos aspectos da información recibida e formula novas consideracións ao respecto.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do Sr. director xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural, Sr. Rodríguez Vázquez, que contesta as consideracións formuladas.

A presidenta agradécelle a súa intervención e escusa a súa presenza na Comisión.

A seguir pásase ao debate da iniciativa 3.3.

3.3      **1966 (12/POC-000321)**  
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**  
**Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**  
**Sobre as accións que prevé por en marcha o Goberno galego para**  
**impulsar a produción da viticultura tradicional da Ribeira Sacra**  
***Publicación da iniciativa, BOPG n.º 17f2, do 25.04.2024***

Incorpórase á Comisión o Sr. director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria, que será o encargado de responder á pregunta oral en comisión.

A Presidencia concédelle a palabra a Sra. Méndez López (S), que procede á formulación concreta das cuestións que figuran na iniciativa.

Para a súa resposta intervéen por parte da Xunta de Galicia o Sr. director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria, da Consellería do Medio Rural, José Luís Cabarcos Corral.

En rolda de réplica a Sra. Méndez López (S), agradece a información recibida, que comenta e incide en diversos aspectos dela con novas consideracións ao respecto.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria, da Consellería do Medio Rural, Sr. Cabarcos Corral, que fai matizacións a respecto da súa intervención anterior, á vez que contesta as consideracións formuladas.

A presidenta agradécelle a súa colaboración e desculpa a súa ausencia da Comisión.

A seguir, éntrese no desenvolvemento do punto cuarto da orde do día: a presidenta informa aos membros da comisión da petición da deputada Sra. Rodríguez Dacosta (S) respecto do cambio da orde no debate das iniciativas e todos e todas as presentes están de acordo por asentimento (Artigo 88 do Regulamento do Parlamento de Galicia). Aclara que as votacións se farán na orde establecida na convocatoria.

A presidenta da Comisión, Sra. Candia López (P), abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar o seu escano co seu grupo parlamentario (Artigo 82 do Regulamento da Cámara), e é substituída polo vicepresidente en función de presidente Sr. Mato Díaz (P). Ocupa o seu lugar como vicepresidenta en funcións a deputada, Sra. Pérez López (P).

#### **Punto 4.    Proposicións non de lei**

Altérase a orde de debate das iniciativas pasando a 4.3 a debaterse en primeiro lugar. As votacións fanse na orde establecida na convocatoria.

4.1           **409 (12/PNC-000001)**  
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**  
**Candia López, María Elena e 8 máis**  
**Sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia co obxectivo de**  
**profundar nun modelo silvícola baseado no aproveitamento e na**  
**expansión das masas de frondosas autóctonas. *Publicación da iniciativa,***  
***BOPG n.º 6, do 05.04.2024***

Esta iniciativa pasa a debaterse en segundo lugar (4.2)

A presidenta dá a palabra ao Sr. Lorenzo Gómez (P), que expón a iniciativa sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxectivo de profundar nun modelo silvícola baseado no aproveitamento e na expansión das masas de frondosas autóctonas.

O deputado propón un programa de apoio ao sector forestal.

A presidenta dá a palabra ao grupo parlamentario non emendante, G.P. Mixto. Intervén o Sr. Ojea Bouzo (M), que fai unha exposición respecto da iniciativa, e pide que non quede nunha mera declaración de intencións.

A presidenta dá a palabra ao grupo parlamentario non emendante do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE. Intervén a Sra. Rodríguez Dacosta (S). Fai unha exposición sobre o tema que se está a tratar nesta iniciativa facilitando datos do inventario galego de frondosas.

Fai mención a documentación solicitada e non facilitada, incluso a través do artigo 9 do Regulamento do Parlamento.

A presidenta dálle a palabra ao grupo parlamentario non emendante do Bloque Nacionalista Galego. Intervén á Sra. Valcárcel Armesto (BNG), que lle dá as grazas e comenta que é a súa primeira intervención.

Fai unha exposición sobre o tema da iniciativa, facendo referencia as especies frondosas e ao abandono do rural. Fala tamén do inventario forestal, diferenciando entre o do Goberno Central e o autonómico.

Propón poñer en produción os bosques de frondosas existentes e favorecer a industria forestal galega, formulando unha estratexia de impulso ao emprego da madeira, primando a súa utilización, así como artellar a colaboración público-privada.

A presidenta dá a quenda de réplica ao grupo proponente, que agradecen o apoio do G.P. Mixto.

Piden seguir traballando activamente para manter os bosques de frondosas cun proxecto

de 2024 a 2040 e aclaran que non renegan do inventario forestal autonómico como se suxeriu no debate.

Manifestan que o que queren é chegar a acordos coas súas iniciativas.

4.2           **410 (12/PNC-000002)**  
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**  
**Candía López, María Elena e 8 máis**

**Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que requira de todas as deputacións provinciais galegas a colaboración decidida en materia de loita contra os incendios forestais. *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 05.04.2024***

Esta iniciativa pasa a debaterse en terceiro lugar (4.3)

A presidenta informa da existencia dunha emenda a esta iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (documento de Rexistro de Entrada núm. 3170), o cal vai cambiar a orde das quendas.

A presidenta dá a palabra á deputada Sra. Campero Dorado (P), que expón o contido da iniciativa, que insta á a Xunta de Galicia a continuar apoiando ao sector forestal, en especial, aos silvicultores da nosa comunidade en favor do fomento decisivo das frondosas autóctonas de Galicia. Así mesmo, avanzar e dar continuidade aos traballos que se veñen desenvolvendo na mellora xenética e materiais forestais de reprodución, buscando o incremento do crecemento e a mellora da calidade das nosas especies forestais.

Insta ás deputadas e aos deputados do G.P. do BNG e do G.P. Socialista a que colaboren coa Xunta de Galicia na loita contraincendios.

A presidenta da paso á intervención da deputada do G.P. do BNG, Sra. Valcárcel Armesto, que comeza por expoñer o texto resolutivo da emenda de substitución, que é o seguinte: “O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a que sigan unha política forestal preventiva real e unha ordenación territorial no rural ademais de que dote de mais medios e recursos na colaboración con todas as deputacións provinciais galegas en materia de loita contra os incendios forestais galegos.”

Fai referencia á necesidade de emprender accións conxuntas e da colaboración coas entidades locais en lugar de delegar competencias en materia de prevención e extinción dos concellos. Fala do abandono da xestión forestal no problema dos incendios e do fallo da ordenación territorial no ámbito rural.

Fai referencia á experiencia silvopastoril dos Ancares e da súa efectividade.



Propón establecer un sistema público de pastoreo e da implantación de escolas de pastores en Galicia.

Refírese ás aldeas modelo como insuficientes, fai referencia á falta de ordenación no monocultivo do eucalipto e da necesidade dunha política de repoboación forestal.

Fai referencia tamén á solicitude de colaboración entre administracións como unha forma de pasarlles o problema.

Pide medidas de calado na prevención e loita contraincendios forestais en todas as administracións.

A presidenta dálle a palabra ao Sr. Ojea Bouzo(M), que manifesta a súa intención de absterse.

A seguir, dá a quenda á Sra. Rodríguez Dacosta (S) que fai a súa exposición ao respecto da iniciativa.

A quenda de peche é para a propoñente, Sra. Campero Dorado (P) que responde ás persoas intervintes rebatendo as súas exposicións.

Indica, tamén, que a emenda non foi aprobada.

4.3 **1737 (12/PNC-000208)**  
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**  
**Fernández Fernández, Secundino e 3 máis**  
**Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que o Fondo Galego de Garantía Agraria (Foga) proceda a aboar os expedientes de axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 correspondentes á campaña de 2023.**  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16f2, do 24.04.2024*

Esta iniciativa pasa a defenderse en primeiro lugar (4.1).

O presidente en funcións, Sr. Mato Díaz (P) dá a palabra ao Sr. Fernández Fernández (BNG), que expón a iniciativa dun xeito máis sinxelo ao da redacción da proposición non de lei, que insta ao Goberno galego para que o Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) proceda a aboar os expedientes de axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 correspondentes á campaña de 2023, aclarando que o que se pretende con esta iniciativa é que se paguen inmediatamente as axudas aprobadas no ano 2023.

Na rolda do grupo parlamentario non emendante do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE intervén a Sra. Méndez López (S), que fai unha reflexión sobre esta iniciativa.

O presidente en funcións, Sr. Mato Díaz (P) dá a palabra á deputada do grupo non emendante do Partido Popular Sra. Candia López (P), que fai un agradecemento aos anteriores deputados e deputadas que exerceron a portavocía nesta comisión e que xa non están no Parlamento.

A deputada propón unha transacción: “(...) insta á Xunta de Galicia a propoñer ao fondo español de garantía agraria para que se abonen (...)”.

Continúa coas argumentacións esperando que a mensaxe que saia deste debate sexa tranquilizadora.

O presidente en funcións, Sr. Mato Díaz (P) dá a palabra na quenda de réplica ao Sr. Fernández Fernández (BNG), que reitera a necesidade que teñen as familias destas axudas.

A Sra. Candia López (P) , volve ocupar o seu posto na Mesa da Comisión. A deputada Sra. Pérez López (P) abandona o posto na Mesa da Comisión, volvendo ao seu escano.

**4.1 409 (12/PNC-000001)**, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **aprobado** por **unanimidade**.

.votos a favor ..... 17  
.votos en contra ..... 0  
.abstención ..... 0  
O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar apoiando ao sector forestal, en especial, aos silvicultores da nosa Comunidade en favor do fomento decisivo das frondosas autóctonas de Galicia. Así mesmo, avanzar e dar continuidade aos traballos que se veñen desenvolvendo na mellora xenética e materiais forestais de reprodución, buscando o incremento do crecemento e a mellora da calidade das nosas especies forestais."

**4.2 410 (12/PNC-000002)**, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **aprobado** por:

.votos a favor ..... 9  
.votos en contra ..... 7  
.abstención ..... 1

O texto aprobado é o seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a motivar e requirir de forma decidida a colaboración en materia de loita contra incendios forestais respecto da totalidade das



deputacións provinciais galegas, en particular, daquelas que aínda non exerceron a súa responsabilidade nesta materia.”

**4.3** 1737 (12/PNC-000208) do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que resulta **rexeitado por:**

.votos a favor ..... 8  
.votos en contra .....9  
.abstención .....0

Ao non haber máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:36 horas.

María Elena Candia López  
Presidenta da Comisión

Montserrat Valcárcel Armesto  
Secretaria da Comisión